

NOVIDADE EDITORIAL
PRIMAVERA 2016

alvarellos
EDITORIA

Jorge Mira calcula no seu novo libro a altura do ceo e as distancias e tamaño do universo

¿A que altura está o ceo? é o título do novo libro do físico e comunicador científico, publicado por Alvarellos Editora. Jorge Mira contou coa colaboración da escritora María Canosa e as ilustracións de Dani Padrón.

Velaquí unha das preguntas que se leva formulando o ser humano desde os albores da súa existencia: ¿A que altura está o ceo? Este libro, publicado en marzo de 2016 por Alvarellos Editora, vainos dar a resposta. A esta cuestión... e a moitas outras. O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo. Comeza na época da Grecia clásica e chega ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo.

Despois de ler estas páxinas poderemos responder a cuestións coma estas:

- ¿Por que vemos o ceo azul ou o Sol amarelo?
- ¿Como se puido saber a que altura están a Lúa, o Sol e os planetas?
- ¿Como é posible calcular o lonxe que está unha estrela ou unha galaxia?
- ¿Cal é a idade do universo? ¿E o seu tamaño?
- ¿Que quere dicir que o universo se expande? ¿E a que velocidade o fai?
- ¿É certo que foi un cura quen primeiro falou do Big Bang?...

Esta obra, publicada dentro da Colección Oeste (de divulgación e ensaio) de Alvarellos Editora, está ilustrada por Dani Padrón e conta coa colaboración nos textos da escritora María Canosa. Recolle así mesmo, fotografías da NASA e outros arquivos científicos, ademais de ilustracións históricas. Cunha presentación e deseño atractivos e didácticos aptos para o gran público.



FICHA TÉCNICA: 132 pp | 13 x 23 cms.
ISBN 978-84-16460-02-1 | PVP: 17 €

NOVIDADE EDITORIAL
PRIMAVERA 2016

alvarellos
EDITORIA

Jorge Mira (Baio, 1968) é físico e catedrático de electromagnetismo da Universidade de Santiago.

Ten recibido numerosos galardóns pola súa brillante traxectoria académica e investigadora, como o Premio da Crítica Galicia de investigación, o da Real Academia Galega de Ciencias, ou o do Colexio Oficial de Físicos de España. É tamén un recoñecido comunicador científico desde finais dos anos

90, varias veces premiado a nivel español. O seu estilo en prensa, radio e televisión caracterízase por unha especial capacidade para facer comprensibles as cuestións máis complexas da ciencia. Lidera diferentes iniciativas de divulgación, entre as que destaca o *Programa ConCiencia*, que atrae Premios Nobel a Galicia desde hai unha década. *¿A que altura está o ceo?* é o seu segundo libro.



Contacto con autor: 881 814 028 – 620 268 900 jorge.mira@usc.es

Contacto coa Editorial: prensa@alvarellos.info | 981 522 137 | 609 90 88 52

+ info e mostra interior do libro, en: www.alvarellos.info